

# I CONTROL DELEGACION DE LUGO

18 de ABRIL de 2021

A Delegación da FGA en Lugo coa colaboración dos clubs da provincia, organiza o 1º CONTROL DELEGACION DE LUGO, o **DOMINGO 18 de abril de 2021, en xornada de mañá**, na pista ao aire libre do *Estadio Gregorio Pérez Rivera*.

## REGULAMENTO

**Art. 1.** Poderán participar os atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2021) por algún Club pertencente a Galicia e que pertencen ás categorías **sub-10 ata sub-16**.

**Art. 2.** As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as **22:00 horas do martes anterior** á celebración das probas. **Existirá unha cota de inscrición de 3€** para todos os atletas. **Non se admitirán inscricións fora de prazo.**

### Art. 3. HORARIO PROVISIONAL

HOMES	HORA	MULLERES
60 ml (sub-12)		LANZAMENTO PELOTA (sub-10) – serie B
SALTO ALTURA (sub-10) – serie A-B	10:30	TRIPLO SALTO (sub-14) – serie B
	10:45	60 ml (sub-12)
80 ml (sub-14)	11:00	LANZAMENTO PELOTA (sub-10) – serie A
	11:05	TRIPLO SALTO (sub-14) – serie A
	11:15	SALTO ALTURA (sub-10) – serie A-B
		80 ml (sub-14)
LANZAMENTO PELOTA (sub-10) – serie B	11:30	50 ml (sub-10)
TRIPLO SALTO (sub-14) – serie B	11:40	
50 ml (sub-10)	11:45	
LANZAMENTO PELOTA (sub-10) – serie A	12:00	
SALTO ALTURA (sub-12) – serie A-B		
	12:05	300 mv (sub-16)
TRIPLO SALTO (sub-14) – serie A	12:15	
	12:20	220 mv (sub-14)
	12:30	LANZAMENTO PELOTA (sub-12) – serie B
220 mv (sub-14)	12:35	
	12:45	SALTO ALTURA (sub-12) – serie A-B
300 mv (sub-16)	12:50	TRIPLO SALTO (sub-16) – serie A
	13:00	LANZAMENTO PELOTA (sub-12) – serie A
1000m (sub-10)	13:05	
	13:15	1000m (sub-10)
TRIPLE SALTO (sub-16) – serie A	13:25	
LANZAMENTO PELOTA (sub-12) – serie B	13:30	1000m (sub-12)
LANZAMIENTO DISCO (sub-14)		
1000m (sub-12)	13:40	
TRIPLO SALTO (sub 16) – serie B	13:45	
	13:55	1000m (sub-14)
LANZAMENTO PELOTA (sub-12) – serie A	14:00	LANZAMIENTO DISCO (sub-14)
TRIPLE SALTO (sub-16) – serie MIXTA		TRIPLO SALTO (sub-16) – serie MIXTA
1000m (sub-14)	14:05	
	14:15	1000m (sub-16)
1000m (sub-16)	14:20	

**Art. 4. Participación:** Só se permite a participación en 2 probas por atleta na categoría sub-10/12 e 3 probas na categoría sub-14/16 (só unha carreira superior a 220m). Nos concursos os participantes terán 4 tentativas.

**Terán preferencia os/as atletas pertencentes a clubs da provincia de Lugo.**

**Art. 5. Nas probas de carreiras indicárase a mellor marca.** As series realizaranse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

**Art. 6.** Cada atleta entregará a Declaración Responsable no punto de control de acceso.

**Art. 7.** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu clube. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Control a sanción será de 5€. No caso de lesión ou enfermidade deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6€ por atleta con datos falsos)

**Art. 8.** Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación.

Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art. 9.** O acceso á instalación será **restrinxido e controlado**. Poderá acceder un adestrador por cada 10 atletas inscritos de cada clube. Para solicitar o acceso deberán enviar un **email** a [delegacionfgalugo@gmail.com](mailto:delegacionfgalugo@gmail.com) ata o mércores ás 22h. No caso que algún clube non envíe ningún adestrador valorarase a posibilidade de permitir o acceso dun delegado por clube.

**Art. 10.** Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

**Art. 11.** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

En Lugo, a 1 de abril de 2021

Asdo no orixinal

José Manuel Peña Rodríguez  
Director Técnico da Delegación da FGA en Lugo

**ORGANIZA:**



**COLABORA:**

